

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de novembro de 2017, polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia creouse por disposición administrativa, en virtude do acordo da Mesa da Cámara do 13 de xuño de 2017, a escala técnica de tecnoloxías da información (BOPG núm. 129, do 15 de xuño de 2017).

Porén, faise necesario modificar o punto relativo ás titulacións exixidas para ingresar na escala ao ter sido estimado o recurso de reposición presentado polo *Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación* contra o acordo da Mesa da Cámara do 24 de xullo de 2017, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia e se aproban as súas bases (DOG 158, do 22 de agosto de 2017) e que, consecuentemente, quedaron sen efecto.

Polo exposto, coa finalidade de que a regulación da dita escala figure nunha única norma e, polo tanto, para salvagardar a seguridade xurídica, derrógase a vixente disposición administrativa de creación da escala técnica de tecnoloxías da información, que queda substituída por esta.

A Mesa da Cámara é o órgano institucional colexiado que, baixo a dirección da Presidencia, dirixe a Administración da Cámara e ten competencia para ditar disposicións administrativas [art. 1 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 657, do 10 de xuño de 2016)].

Polo anterior, a Mesa do Parlamento, ao abeiro do establecido no artigo 22.3 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e no artigo 17 a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 6 de novembro de 2017, dispón:

Artigo 1. Creación da escala técnica de tecnoloxías da información

Créase a escala técnica de tecnoloxías da información, que se integra no corpo de xestión do Parlamento de Galicia previsto no artigo 21.c) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Artigo 2. Grupo de clasificación profesional

A escala técnica de tecnoloxías da información clasifícase no grupo B dos previstos no artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Artigo 3. Titulacións exixidas para ingresar na escala

Para ingresar na escala técnica de tecnoloxías da información será preciso estar en posesión dalgunha das titulacións universitarias seguintes: diplomado ou graduado nunha titulación de calquera rama.

Artigo 4. *Funcións*

Á escala técnica de tecnoloxías da información correspóndenlle as funcións de apoio técnico e xestión dos sistemas informáticos e audiovisuais e das redes de comunicación do Parlamento de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 13 de xuño de 2017 polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información (BOPG núm. 129, do 15 de xuño de 2017).

Disposición derradeira primeira. *Dereito supletorio*

En todo o non previsto nesta disposición administrativa aplicarase supletoriamente o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta disposición administrativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente